

Reproducción transhumana: unha análise comparativa entre *Natura*, de Iolanda Zúñiga, e *The Growing Season*, de Helen Sedgwick¹

María Alonso Alonso²

Recibido: 1 de setembro de 2025 / Aceptado: 30 de setembro de 2025

Resumo. Este artigo ofrece unha achega comparativa ás novelas *Natura*, da galega Iolanda Zúñiga, e *The Growing Season*, da británica Helen Sedgwick, co fin e analizar a lectura crítica que ambas autoras fan da utilización de úteros artificiais nas sociedades do futuro. Para isto, o transhumanismo é utilizado como marco teórico, unha filosofía que postula a necesidade de beneficiarse dos avances científicos e tecnolóxicos actuais para crear seres biomellorados. Nas obras, a sexualidade reprodutiva é substituída pola reprodución in-vitro e os úteros artificiais que, lonxe de liberar ás mulleres dos perigos dos embarazos e partos naturais, supoñen un paso máis na opresión e represión das mesmas. Deste xeito, tanto Zúñiga como Sedgwick contradicen un dos principais argumentos da segunda vaga do feminismo norteamericano de Firestone e Pateman que suxería que a confiscación da sexualidade reprodutiva das mulleres a través da utilización de úteros artificiais poría fin ao patriarcado e, polo tanto, liberaría ás mesmas de calquera tipo de sistema opresor. O resultado desta análise comparativa indica que tanto *Natura* como *The Growing Season*, a pesar de ser obras escritas en dúas linguas diferentes e pertencentes a dúas tradicións literarias distintas, teñen en común a lectura bioconservadurista que fan de calquera tipo de utilización maniquea dos avances científicos e tecnolóxicos a causa do potencial uso tanto patriarcal como capitalista dos mesmos.

Palabras chave: reprodución transhumana; transhumanismo filosófico; segunda vaga de feminismo; úteros artificiais; bioconservadurismo.

[es] Reproducción transhumana: un análisis comparativo entre *Natura*, de Iolanda Zúñiga, y *The Growing Season*, de Helen Sedgwick

Resumen. Este artículo ofrece un acercamiento comparativo a las novelas *Natura*, de la gallega Iolanda Zúñiga, y *The Growing Season*, de la británica Helen Sedgwick, para analizar la lectura crítica que ambas autoras realizan del uso de úteros artificiales en las sociedades del futuro. Para ello, el transhumanismo es utilizado como marco teórico, una filosofía que postula la necesidad de aprovechar los avances científicos y tecnológicos actuales para crear seres biomejorados. En las obras, la sexualidad reproductiva es sustituida por la reproducción in-vitro y los úteros artificiales que, lejos de liberar a las mujeres de los peligros de los embarazos y partos naturales, representan un paso más en su opresión y represión. De este modo, tanto Zúñiga como Sedgwick contradicen uno de los principales argumentos de la segunda ola del feminismo norteamericano de Firestone y Pateman, que sugería que la confiscación de la sexualidad reproductiva de las mujeres mediante el uso de úteros artificiales pondría fin al patriarcado y, por lo tanto, las liberaría de cualquier tipo de sistema opresivo. El resultado de este análisis comparativo indica que tanto *Natura* como *The Growing Season*, a pesar de ser obras escritas en dos lenguas diferentes y pertenecer a dos tradiciones literarias distintas, tienen en común la lectura bioconservadurista que hacen de cualquier tipo de uso maniqueo de los avances científicos y tecnológicos debido al potencial de uso tanto patriarcal como capitalista de los mismos.

Palabras clave: reproducción transhumana; transhumanismo filosófico; segunda ola de feminismo; úteros artificiales; bioconservadurismo.

[en] Transhuman Reproduction: A Comparative Analysis between *Natura*, by Iolanda Zúñiga, and *The Growing Season*, by Helen Sedgwick

¹ Trabajo levado a cabo baixo a axuda para o proxecto “Posthuman Intersections in Irish and Galician Literatures” PID-2022-136251NB-I00 financiado por MICIU/AEI/10.13039/501100011033 e “FEDER Una manera de hacer Europa”.

² Universidade de Santiago de Compostela, Departamento de Filoloxía Inglesa e Alemá.
Correo-e: maria.alonso.alonso@usc.es. ORCID: <https://orcid.org/0000-0001-9284-4224>.

Abstract. This article offers a comparative approach to the novels *Natura*, by Galician author Iolanda Zúñiga, and *The Growing Season*, by British author Helen Sedgwick, to analyse the critical interpretation that both authors make of the use of artificial wombs in future societies. To this end, transhumanism is used as a theoretical framework, a philosophy which postulates the need to take advantage of current scientific and technological advances to create bio-enhanced beings. In the works, reproductive sexuality is replaced by in-vitro reproduction and artificial wombs, which, far from liberating women from the dangers of natural pregnancies and births, represent a further step in their oppression and repression. In this way, both Zúñiga and Sedgwick contradict one of the main arguments of second-wave American feminism, such as the ones postulated by Firestone and Pateman, which suggested that the confiscation of women's reproductive sexuality through the use of artificial wombs would end patriarchy and, therefore, free them from any type of oppressive system. The result of this comparative analysis indicates that both *Natura* and *The Growing Season*, despite being works written in two different languages and belonging to two distinct literary traditions, have in common the bioconservatist reading they make of any type of Manichean use of scientific and technological advances due to their potential for both patriarchal and capitalist uses.

Keywords: Transhuman Reproduction; Philosophical Transhumanism; Second Wave of Feminism; Artificial Wombs; Bioconservadurism.

Sumario. Transhumanismo e literatura. 2. Reprodución transhumana e feminismo. 3. *Natura*, unha eco-ficción distópica. 4. *The Growing Season*, a reprodución como produto de consumo. 5. Conclusión. 6. Referencias bibliográficas.

Como citar: Alonso Alonso, María (2025): "Reproducción transhumana: unha análise comparativa entre *Natura*, de Iolanda Zúñiga, e *The Growing Season*, de Helen Sedgwick", en *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos* 28, e108903, DOI: <https://dx.doi.org/10.5209/madr.108903>.

1. Transhumanismo e literatura

Nunha época de avances científicos e tecnolóxicos sen precedentes como a nosa é case inevitable que autoras e autores imaxinen de xeito crítico os límites e/ou consecuencias destes descubrimentos a través da súa creación literaria. Isto, obviamente non é novo. A ciencia ficción, como xénero literario, baséase na necesidade de interpretar conceptualmente os límites de calquera tipo de sociedade futura e funciona, até certo punto, como canario na mina. É así como as utopías, en chave optimista (Birch 2009), mais sobre todo as distopías, en chave pesimista (Claeys 2018), levan séculos facendo as súas propias postulacions sobre o que está por vir. Dende a *Utopía* de Tomás Moro de 1516, pasando por *A nova Atlántida*

de Francis Bacon de 1626, ou mesmo o *Frankenstein* de Mary Shelley de 1818, son innumerables as escritoras e escritores que xogan nas súas propostas literarias co xeito no que imaxinan posibilidades alternativas e mundos futuros.

Este artigo ofrece unha achega comparativa a dúas novelas nas que se aprecia unha interpretación particular do xeito no que a ciencia e a tecnoloxía afectará ao papel das mulleres na sociedade do futuro. Por un lado, *Natura* (2018), da galega Iolanda Zúñiga, é unha eco-ficción na que a única vida posible é baixo terra nun emprazamento rexido por un estado patriarcal opresor que reduce ás mulleres a meras produtoras de óvulos que logo son fecundados in-vitro e que son manipulados xeneticamente para crear embrións que se xestarán en úteros artificiais e que dan como resultado seres humanos perfectos, de acordo cos postulados dese goberno opresor que rexe a única sociedade posible dun futuro en pleno colapso medioambiental. Por outro lado, *The Growing Season* (2017), da británica Helen Sedgwick, imaxina os límites da reprodución tamén a través de úteros artificiais nunha sociedade na que a fecundación in-vitro e o crecemento de embrións fóra do corpo feminino é un produto máis de consumo co que nais e pais poden elixir dende as características do seu bebé até a data de nacemento sen expor ás mulleres aos perigos dun embarazo e parto naturais. Tendo en conta estas tramas, é obvio que o papel da ciencia e da tecnoloxía nestas sociedades distópicas do futuro é fundamental, o que nos leva a centrar o marco teórico para esta achega comparativa ao coñecido como 'transhumanismo', unha proposta filosófica que está a espertar cada vez máis interese a causa do avance sen parangón da ciencia e da tecnoloxía das últimas décadas e das implicacións éticas e morais destes descubrimentos á hora de integrarse no noso día a día.

O transhumanismo, termo utilizado por primeira vez polo biólogo británico Julian Huxley no 1957, ou 'posthumanismo tecnocientífico' (Alcalá 2026), é unha corrente filosófica que avoga polo progreso científico e tecnolóxico en prol do avance da especie. Trátase, polo tanto, dunha proposta a favor da selección artificial que evite as eivas naturais do ser humano (Burdett e Leung 2023; More 2013, 2013; Noyer 2016; Tüfekçi 2023; More e Vita-More 2013). O transhumanismo parte do feito de que a especie humana é deficitaria (González Arribas 2021) e, polo tanto, é a nosa

responsabilidade, e mesmo obriga, facer uso de avances científicos e tecnolóxicos para corrixir o que o propio transhumanismo considera como erros biolóxicos como poden ser as enfermidades, as eivas físicas e/ou cognitivas, ou mesmo o propio proceso de envellecemento co paso dos anos. A conexión entre o humanismo europeo do século XIV e o transhumanismo é obvia. Se o humanismo aspiraba a mellorar a especie humana a través da educación e da cultura, o transhumanismo aspira ao mesmo pero a través da ciencia e da tecnoloxía (Diéguez 2017). Isto ten unhas consecuencias case inmediatas xa que implica unha reoptimización da natureza humana para servir un fin específico, que é o de favorecer un concepto de ser humano ideal cuxa definición é altamente problemática. Se, como afirma González Arribas (2021), o transhumanismo ten como fin o de achegarse a unha entidade post-sapiens biomellorada que incremente a esperanza de vida, aumente a resistencia a enfermidades, amplíe a capacidade intelectual, etc., acaso non se está a caer, como postulado filosófico, no paradoxo humanista do home vitruviano que durante séculos favoreceu e xustificou a opresión de comunidades e colectivos enteiros por non corresponderse con ese ideal humanista? Este é xustamente o paradoxo que autoras e autores identifican no perigoso potencial de utilizar a ciencia e a tecnoloxía para mellorar a especie humana a costa de favorecer unha sociedade máis xerarquizada, inxusta e patriarcal ao servizo dunha elite que decida cales teñen que ser as características desa sociedade post-sapiens á que se aspira.

Dende o proxecto “Interseccións post-humanas nas literaturas irlandesa e galega” (PID2022-136251NB-I00) da Universidade de Santiago de Compostela levamos anos analizando o xeito no que autores e autoras en lingua galega e inglesa reinterpretan o concepto ‘humano’ a través de obras que cuestionan a visión antropocéntrica das relacións entre o humano e o non-humano que fomentou durante séculos o humanismo clásico europeo. É por isto que, dende un punto de vista conceptual, propoñemos resignificar a conexión conceptual que existe entre o transhumanismo e o posthumanismo para afastar as posibilidades do avance científico do mesianismo tecnocrático. Deste xeito, o posthumanismo filosófico de Braidotti (2013, 2019, 2022), de Bartosch e Hoydis (2019), de Clarke e Rossini (2017) ou de Ferrando (2019), entre outras propostas académicas, serve de marco teórico para

estudar o incremento exponencial no interese artístico destas primeiras décadas do século XXI á hora de explorar as marxes e a periferia a través de personaxes e temáticas que rachan por completo cos piares fundamentais do humanismo. Unha das conclusións máis inmediatas da nosa investigación lévanos a pensar que as personaxes abxectas, marxinais e tradicionalmente ignoradas que atopamos en obras en lingua galega e inglesa actual constitúen un exercicio necesario para alertar sobre diferentes formas de exclusión e sobre a relación do ‘humano’ co medio que as rodea. O hexemónico é cuestionado nun corpus de estudo que se centra no poder subversivo e crítico de todo aquilo que se afasta do esencialista grazas a unha serie de personaxes e tropos que interrogan o papel do ‘humano’ dentro do propio antropocentrismo.

O transhumanismo como corrente filosófica xorde do propio posthumanismo filosófico xa que parte da base de que o ser humano é imperfecto, é dicir, que non se corresponde coa imaxe vitruviana do humanismo europeo. Agora ben, e como sinala Diéguez (2017), como corrente en voga na actualidade existen dúas correntes perfectamente identificables dentro do transhumanismo. Por un lado está a corrente filosófica que defende a lexitimidade de utilizar a ciencia e a tecnoloxía para mellorar a especie humana sempre e cando se faga dun xeito xusto e democrático, afastándose dos ditados do mercado que desvirtuarían os propios valores e principios do transhumanismo. Por outro lado está a corrente crítica que considera ao transhumanismo como o “recurso del *establishment* tecnocrático para justificar la continuación de la misma política (económica y tecnológica) que nos ha llevado a la actual situación insostenible y finalmente al borde del colapso ecológico y civilizatorio” (*Ibid.*: 34). Esta segunda corrente crítica e pesimista é a que parece abrirse paso no eido literario a través de obras que utilizan os sub-xéneros distópico e da ciencia ficción para imaxinar o xeito no que tanto a ciencia como a tecnoloxía van influír tanto no futuro das persoas como do planeta. Deste xeito, o transhumanismo filosófico optimista e utópico é cuestionado a través dunha visión pesimista do potencial que o uso da ciencia e da tecnoloxía terá na sociedade do futuro como formas de control e represión. O transhumanismo, polo tanto e como se demostrará neste artigo, xorde na literatura actual a través dunha visión máis próxima ao bioconservadurismo, termo que

utiliza González Arribas (2021) para falar do espírito tecnófilo que estes avances científicos poden espertar na sociedade actual a causa do seu potencial capitalista. O termo ‘bioconservadurismo’ non é conservadurista; é dicir, non se opón ao avance científico senón que cuestiona a dimensión ética destes avances baixo o xugo do mercado, avogando por achegar ao ser humano á natureza animal que debe vivir dun xeito sostible nun medio.

O naturalismo biolóxico, polo tanto, é un dos factores de debate recorrente dentro do transhumanismo filosófico. Transhumanismo e poder entran en conflito dende un punto de vista ético. É aquí onde entra en xogo o papel do feminismo no que deberíamos pasar a chamar ‘transhumanismo feminista’, unha proposta que eliminaría a apropiación por parte dunha elite de homes do discurso transhumanista actual; homes, que como sabemos, están á sombra da maior parte das decisións políticas que se están a tomar nestes momentos dende o eido científico e tecnolóxico. Como quedará de manifesto a través da análise de textos que se propón neste artigo, o feminismo á fundamental para as autoras á hora de alertar dos límites e perigos do transhumanismo. Non se concibe un verdadeiro cambio de xustiza social emancipadora neste sentido sen o feminismo. A ciencia e a tecnoloxía poden axudar, pero non son ferramentas necesariamente liberadoras a causa do uso maniqueo que se poden facer destes avances por parte do patriarcado e do capitalismo. O potencial transformador da ciencia e da tecnoloxía reside na necesidade de utilizalos para eliminar xerarquías e non permitir que estes avances se limiten aos potenciais beneficios marcados polo capital.

Para explorar o xeito no que o transhumanismo é imaxinado na literatura en lingua galega e inglesa actual, utilizaremos dúas novelas nas que a ciencia e a tecnoloxía rexen diferentes sociedades autoritarias nas que as mulleres son rebaixadas a meros obxectos de produción e consumo. Neste caso en concreto a ciencia e a tecnoloxía posibilitan a reprodución transhumana a través de úteros artificiais aínda que, lonxe de liberar ás mulleres dos perigos que entraña un embarazo e parto naturais, como albiscou a segunda vaga do feminismo norteamericano (Firestone 1970 ou Pateman 1988), condénaas á máis e absoluta da cousificación a causa da súa natureza biolóxica nunhas sociedades patriarcais e opresoras nas que a ciencia e a tecnoloxía son utilizadas como ferramentas de submisión. Para Zúñiga

e Sedgwick, a ciencia ten o potencial de converter ás mulleres en meras ferramentas dentro da maquinaria capitalista e do mercado. É por isto que as tramas das dúas novelas aquí estudadas se moven cara á distopía.

2. Reprodución transhumana e feminismo

Non hai dúbida de que o corpo feminino ten sido instrumentalizado ao longo dos séculos e en diferentes sociedades e culturas pola súa capacidade reprodutiva. Así, a maternidade era, e ata certo punto segue sendo, o destino natural de calquera muller, converténdose esta capacidade biolóxica en ferramenta de opresión. Foi durante a segunda metade do século XXI cando a segunda vaga do feminismo chegou dende os Estados Unidos grazas a un grupo de autoras xenofeministas comezou a cuestionar este destino supostamente natural da muller limitado á reprodución humana. Se a maternidade ten sido reconsiderada nas últimas décadas, pasando de ser unha condición feminina lóxica e ineludible a converterse nunha alternativa suxeita á elección da muller. Neste sentido, o transhumanismo filosófico pode supoñer unha posibilidade para levar a cabo esta resignificación xa non soamente do concepto de maternidade senón do de reprodución ao facer posible unha reprodución tecnolóxicamente mediada.

Dende hai décadas, as novas técnicas de embarazo están a supor un reto para o que Pateman (1988) chama ‘sexualidade reprodutiva’ que, para ela, constitúe o eixo das sociedades modernas. Técnicas in-vitro, por exemplo, posibilitan que a fecundación poida realizarse sen relacións sexuais, cuestionando deste xeito un dos piares principais da sexualidade normativa. O sistema sexo-xénero, do que tamén fala Preciado (2002) ao facer referencia ao pensamento esencialista das sociedades heteropatriarcais, ten condicionado o papel das mulleres ao longo da historia a causa da súa capacidade biolóxica reprodutiva. De acordo con isto, e para achegarse aos dous textos que son obxecto de estudo, é necesario volver a vista aos postulados da pensadora feminista norteamericana Shulamith Firestone que, na súa *Dialéctica del sexo* publicada por primeira vez en 1970, reclamaba a necesidade por parte das mulleres de ‘confiscar’ o control sobre a reprodución para loitar contra a discriminación masculina e abolir a distinción de sexos co fin de recuperar o control sobre os seus corpos. Firestone ofrece neste texto fundacional unha das críticas máis radicais á maternidade postulada dende o feminismo occidental. Para Firestone,

a opresión histórica das mulleres non se limita a condicionantes sociais, económicos e culturais, senón que vai máis alá. Para a autora, a servidume biolóxica que reduce á muller a un obxecto necesario para a continuación da especie é fundamental para comprender o patriarcado. A instrumentalización da xestación e do parto para xustificar a inferioridade da muller fronte ao home ten para Firestone a súa orixe na propia capacidade reprodutora das mulleres. Pateman (1988) utiliza estes postulados de Firestone para explicar o que ela consideraba unha das principais inxustizas sociais ao contemplar a reprodución como un traballo non remunerado que as mulleres levan facendo dende o comezo dos tempos para garantir a continuación da especie. Este traballo reprodutivo en vez de proporcionarlle réditos sociais ás mulleres, segundo Pateman, é a causa directa do triunfo do patriarcado. Para Pateman, o corpo embarazado da muller convértea nun ser vulnerable e dependente do varón, polo que a solución a este paradoxo biolóxico podería pasar pola proposta de Firestone de externalizar a reprodución a través de úteros artificiais que, para ela, destruíría a tiranía da familia biolóxica.

As propostas tanto de Firestone como de Pateman, que caracterizan tamén o pensamento da segunda vaga do feminismo occidental, dependen enteiramente do transhumanismo, é dicir, dos avances científicos e tecnolóxicos que puidesen dar pé a esa posibilidade reprodutiva. O optimismo tanto de Firestone como de Pateman parece ser cuestionado nas dúas obras obxecto de estudo nas que o transhumanismo tecnolóxico e científico posibilita técnicas para a reprodución non biolóxica pero mesmo así mantén ás mulleres nunha situación de opresión e subalternidade. A liberación da muller que albiscaban Firestone e Pateman non existe nuns textos nos que a muller se converte no cyborg Harawayano (1988) cuxa simbiose entre humano e máquina serve intereses meramente de mercado. A concepción materialista que teñen todas estas autoras apréciase no xeito no que comparan a loita de clases e a loita de sexos. Deste xeito, e como comenta Haraway na súa obra fundamental *A Cyborg Manifesto*, se o proletariado ten que apropiarse dos medios de produción para loitar contra a estratificación social arredor das clases económicas, as mulleres deben facer o mesmo cos recursos reprodutivos do corpo feminino para eliminar as clases sexuais e a dicotomía entre home e muller. Como este artigo intentará demostrar

a través da análise destas obras, parece haber unha contradición entre os postulados filosóficos que chegan tanto dende o transhumanismo como dende a segunda vaga do feminismo occidental, que chocan de cheo cos intereses capitalistas e patriarcais que autoras e autores identifican na sociedade do presente e que imposibilita unha aplicación xusta e democrática dos avances científicos e tecnolóxicos para favorecer a igualdade entre homes e mulleres, tamén en materia reprodutiva xa que, como xa se indicou, a literatura ten a capacidade de ser un canario na mina que alerte de calquera perigo.

A revolución feminista pola que avogan Firestone e Pateman non se centra en eliminar os privilexios masculinos acumulados ao longo dos séculos a través da subordinación da muller, senón que debe abolir a distinción entre sexos. Deste xeito, as diferencias xenitais entre persoas terían que considerarse dun xeito similar ás diferencias na cor dos ollos entre persoas, a cor da pel, a altura ou calquera outro tipo de diferenza física. Os xenitais, por dicilo doutro xeito, deberían ser neutros e non distintivos ou motivo para a categorización da especie. Maternidade biolóxica e sexualidade reprodutiva, polo tanto é para a segunda vaga do feminismo occidental e, máis concretamente para o xenofeminismo, unha forma de opresión estrutural. De feito, o embarazo é descrito por Firestone como unha deformación temporal do corpo feminino para dar acubillo a un intruso en beneficio da especie. Se ben nin Firestone nin Pateman critican a experiencia subxectiva da maternidade como unha percepción particular das mulleres como algo positivo, o que si consideran é que a utilización política da capacidade reprodutiva da muller é o principal handicap para a liberación última da metade da poboación mundial. É por iso que xa no seu momento faláron da ectoxénese, é dicir, a creación de úteros artificiais para a creación de novos seres humanos. A externalización da reprodución fóra do corpo feminino é concibida como unha práctica liberadora do que a propia Firestone considera como a tiranía da reprodución.

A continuación, abordaranse as dúas obras por separado, non sen favorecer o diálogo entre elas, para máis tarde comparar os principais achados nunha conclusión que se centrará en destacar a natureza bioconservadurista dos textos, dúas novelas actuais que nos chegan dende diferentes tradicións literarias e en diferentes linguas pero que utilizan a inexistencia da sexualidade reprodutiva e o transhumanismo como

elementos principais das súas tramas nas que alertan en chave distópica da mala utilización destes avances científicos e tecnolóxicos como ferramentas de opresión por parte dunha elite, seguindo deste xeito o sinalado por Diéguez ao falar do xeito no que o poder tecnocrático vai manipular calquera tipo de descubrimento no seu beneficio. O que para Firestone e Pateman era unha posibilidade utópica e científicamente imposible, é nestes momentos unha posible realidade grazas aos avances científicos e tecnolóxicos. Se ben hai un salto temporal, conceptual e político entre a segunda vaga do feminismo occidental que acubilla os postulados de Firestone e Pateman, por un lado, e o actual tempo de produción literaria de Zúñiga e Sedgwick, o certo é que o tranhumanismo e o xeito no que segundas cuestionan o optimismo das primeiras a través da súa creación literaria xustifican esta achega comparativa. Tanto en *Natura* como en *The Growing Season* os úteros artificiais non só son posibles senón que semellan ser a única alternativa viable para garantir a continuación da especie grazas a seres humanos biomellorados a través da manipulación xenética dos embrións que crecen fóra do útero materno. Porén, ambas obras parecen cuestionar o optimismo de Firestone e Pateman xa que a posibilidade de producir vida artificialmente en úteros externos non supón nas obras ningún tipo de mellora para as mulleres das sociedades futuras que Zúñiga e Sedgwick imaxinan.

3. *Natura*, unha eco-ficción distópica

A representación da maternidade é un dos temas máis manidos na literatura galega. Dende a nai rural provedora de coidados e atención, até a nai vítima de violencia machista, o tropo da maternidade ten estado presente na nosa tradición literaria durante séculos. Non é a galega a única tradición na que se aprecia esta corrente. Como indica Spivak (1988), é común atopar unha conexión muller-terra en diferentes culturas dado o papel de procreadoras e transmisoras de coñecemento das mulleres, unha conexión inherente a calquera sociedade heteropatriarcal que merece unha lectura crítica. Agora ben, obras como *Natura* (2018) de Iolanda Zúñiga, *Be Water* (2019) de Antía Yáñez, ou *Cobiza* (2021) de María Reimóndez son tres exemplos do xeito no que a literatura galega actual re-imagina o papel fundamental da sexualidade reprodutiva na sociedade do futuro, rompendo coa figura da nai mártir que caracterizou a mirada patriarcal da literatura

galega durante séculos. Parece haber un interese crecente en cuestionar o rol reprodutivo da muller a través da literatura grazas a obras, como as anteriores, que alertan dos perigos de institucionalizar a fertilidade feminina. Estas obras, cunha clara inspiración atwoodiana (pensemos na afamada novela de Margaret Atwood publicada en 1985 *The Handmaid's Tale*) e cuxas protagonistas son todas elas mozas novas en sociedades heteropatriarcais que as reduce a meros obxectos reprodutivos, fan uso da ciencia e da tecnoloxía do futuro para sometelas, alertando deste xeito dos perigos que poden chegar a implicar estes avances se son utilizados como ferramentas de opresión.

Neste sentido se move *Natura* de Iolanda Zúñiga, unha novela curta distópica que Moszczyńska-Düst e Garrido González (2022) catalogan como 'eutopía feminista' dentro dun corpus de estudo no que a eco-crítica e a reprodución institucionalizada son temas recorrentes. A cousificación do corpo feminino como máquina reprodutiva aparece como unha imaxe cada vez máis presente narrativa galega actual, xunto co colapso medioambiental e a crise democrática de gobernos que viran cada vez máis á dereita. *Natura* xunta todos estes elementos a través dunha narración que comeza *in media res* cando a protagonista fuxe en busca do único lugar no planeta onde aínda é posible a supervivencia humana.

Esta novela supuxo o regreso literario de Iolanda Zúñiga á literatura galega despois dun tempo sen publicar. A autora viguesa, coñecida polo seu interese en reflexionar dende a poesía e a ficción sobre a condición feminina, a cultura urbana e a contemporaneidade, comezou a súa traxectoria como escritora cun libro de relatos titulada *Vidas post-it* (2007), unha colección fragmentaria sobre a soidade, a comunicación e a melancolía que representan o espírito dunha época caracterizada pola crise económica de principios de século. A escrita desta primeira época é directa e rotunda, un estilo que se repite no poemario *Amor amén* (2008), unha obra na que se move cara aos seus intereses en explorar a dependencia sentimental dunha voz poética feminina en pleno colapso persoal. A mirada de Zúñiga nestas primeiras obras sentan a base para o resto da súa creación, unha creación centrada en explorar cuestións relevantes da súa xeración. Foi con *Periferia* (2010), premio Xerais de novela, cando se identificou unha capacidade camaleónica para ampliar os seus intereses temáticos cunha novela ambientada nunha favela

do Brasil que narra a vida dunha parella cuxa relación está marcada pola violencia estrutural e o narcotráfico. Xa en *Periferia* se pode apreciar a riqueza cultural e de estilo que manexa a autora onde mestura referencias populares e musicais cunha crítica ao sistema opresor e xerarquizado de calquera tipo de sociedade. *Periferia* marcou un fito na traxectoria literaria de Zúñiga, quen non volveu publicar até o 2018, cando apareceron tanto *Natura* como *Noites de Safari*. Esta segunda, publicada baixo o pseudónimo de Marleen MaLone é a última obra publicada pola autora até a data, unha obra transgresora onde a sexualidade feminina e a súa axencia, xunto cun humor moi característico axudan a explorar a liberación feminina e a cultura pop. Como a propia autora recoñece (Vega 2026), o seu proxecto literario é fluído e orgánico, e dedicado a reflexionar dende a escrita os principais problemas da súa xeración tales como o inxustiza social, o capitalismo, a emancipación feminina e as periferias. Todas estas obras, onde a prosa e a poesía aparecen nun nivel similar ao cultural e musical, a voz feminina é fundamental.

Como xa se indicou, *Natura* é unha distopía post-apocalíptica que se sitúa nun planeta devastado pola emerxencia climática e no que recursos básicos para a supervivencia, como a auga, son cada vez máis escasos. Neste contexto atópanse todas aquelas persoas que foxen cara ao norte, onde existe a que parece é a única civilización con capacidade para adaptarse ás condicións ambientais. A historia comeza coa experiencia dunha nai e dunha filla, as dúas personaxes sen nome, que emprenden o seu camiño cara ao norte deixando atrás unha terra desolada pola guerra, o quecemento global e unha sociedade en colapso. O lugar cara a onde se dirixen é un espazo onde entran soamente aquelas persoas que poden aportar para a misión de reconstruír o mundo baixo terra, xa que a vida no exterior é imposible aparentemente. ‘Natura’ é o nome deste lugar que a autora imaxina no norte de Europa. *Natura* representa o paradoxo da sociedade moderna, un lugar no que converxe a esperanza pola salvación e a escravitude daquelas persoas que entran nel, suxeitas á máis estrita das rutinas no que a intimidade e o colectivo non existe. Para as protagonistas, *Natura* implica unha ruptura xa que soamente a filla é convidada a entrar na misión dada a súa fertilidade e a posibilidade de prover óvulos á mecánica reprodutiva do lugar. A sociedade de *Natura* é incrivelmente desigual e estratificada, e para

manter o sometemento das persoas que residen en *Natura*, as persoas reciben fármacos para anular tanto os pensamentos como a vontade.

Con esta trama, Zúñiga presenta unha sociedade cuxo prezo para a supervivencia é demasiado alto e propón a grande pregunta de se paga a pena a supervivencia nunhas condicións de opresión e subordinación. A protagonista da obra, que entra a formar parte das ‘elixidas’, representa este paradoxo xeracional; representa á muller sometida e obrigada a prover individuos para darlle continuidade á especie. Así como pasa a formar parte da misión, esta moza perde a súa identidade e pasa a formar parte dun grupo extenso de mulleres que sacrifican a súa capacidade reprodutiva pola misión colectiva. Son os homes os que están encargados da vixilancia delas. Estes vixiantes representan a renuncia á liberdade que se impón baixo terra. É a sofisticación tecnolóxica a que permite non soamente a vida en *Natura* senón tamén a idea de darlle continuación á especie. A ciencia e a tecnoloxía permiten a xestación de embrións en úteros artificiais pero tamén o sometemento das diferentes clases sociais nas que está dividido o espazo.

Como a propia autora recoñece (Vega 2026), o contexto histórico de degradación mediambiental de *Natura* está inspirado na novela de Cormac MacCarthy *The Road* (2006), aínda que a autora galega xoga cos tropos opostos que utiliza o autor norteamericano. Por un lado, en *The Road* os protagonistas son masculinos, o planeta asómase a unha nova idade de xeo, a vida é posible no exterior, os recordos dos personaxes son recorrentes e a acción acontece en Norte América. En *Natura*, pola contra, a protagonista é feminina, é imposible a vida no exterior a causa do quecemento radical do planeta, as personaxes están sometidas a un esquecemento institucionalizado e a acción está situada no norte de Europa. Mesmo se en *The Road* é un neno o que nace nese contexto ficcional, en *Natura* á unha nena a que é concebida de xeito natural e sen control xenético como resultado dunha relación prohibida entre a protagonista e un dos gardas encargados da súa vixilancia. Este exercicio dicotómico non converte a *Natura* nunha resposta crítica á novela de MacCarthy, senón que propón outra posibilidade á crise medioambiental que a autora identifica na actualidade.

A sexualidade reprodutiva en *Natura*, obra e lugar, é prohibida polo goberno represor que manexa a colonia baixo terra onde transcorre a acción. O proceso de deshumanización que

se dá neste lugar por parte da elite rexe a vida das persoas que ocupan lugares xerárquicos inferiores, sobre todo a das mulleres. A ciencia e a tecnoloxía, neste caso, son os medios utilizados para manter oprimida á poboación de Natura. Por un lado, soamente se lles permite o acceso á colonia a aquelas persoas que son de utilidade para a misión de dar continuidade á especie nunha situación de colapso ecolóxico. As mulleres, por exemplo, selecciónanse de acordo coa súa idade fértil xa que o seu papel nesa sociedade baixo terra é simplemente o de prover de óvulos ao sistema de reprodución: “as refuxiadas rendibles ingresarían en Natura; as improditivas abandonaríanas, á súa sorte, na Zona de Exclusión [...] Porque só pasarían mulleres. Unicamente mulleres. Todas mulleres” (2018: 41), un perfil de “[n]enas e mozas con menos de vinte e cinco anos e un día. Vidas tenras. O seu cometido consistiría en darlle continuidade á especie” (44). As mulleres que son admitidas en Natura viven en catividade a través dun sistema de control da súa vontade mediado por medicación que anula tanto o pensamento como os recordos co fin de sometelas. A sexualidade reprodutiva en Natura, polo tanto, non existe xa que as mulleres non son embarazadas, nin sequera artificialmente. Elas son meras provedoras de óvulos que se fertilizan in-vitro e que son manipulados xeneticamente para dar como resultado seres humanos resilientes que serán xestados por úteros artificiais: “alterar o xenoma. Buscaban corrixir anomalías. E continuaban tamén coa teima de inxectarlles vacinas inéditas fartas de virus coñecidos. Buscaban inocularlles a resistencia” (2018: 118). Deste xeito, Zúñiga cuestiona directamente os postulados optimistas tanto de Firestone como de Pateman xa que a posibilidade de liberar ás mulleres do embarazo e parto naturais non implica necesariamente a liberación das mesmas do sistema patriarcal que as oprime xa que seguen a ser elementos críticos na cadea de reprodución humana pola necesidade dos propios óvulos que producen.

A pesar do sistema de control que rexe Natura, a trama móvese cara a un final dramático no momento no que a protagonista queda embarazada de xeito natural despois de manter relacións cun dos gardas que as vivía. Deste xeito, conceptos como os de ‘sexo’, ‘desexo sexual’ e ‘sexualidade reprodutiva’ adquiren unhas connotacións críticas na novela. Podería parecer que a protagonista da obra representa o

que Melzer identifica como “[b]odies [that] are produced at the intersections of technology, race, class, and gender” (2006: 177). Trátase dunha muller dobremente estigmatizada: por razóns de xénero e por razóns de clase xa que a súa condición biolóxica é a que a converte en provedora e a súa condición de subalterna é a que a xustifica a opresión á que é sometida. Neste contexto, o embarazo natural da protagonista supón tamén unha dobre ameaza para o sistema: por un lado cuestiona o control da reprodución transhumana e por outro escapa ao control xenético vitruviano dos humanos dese futuro que se albisca na novela.

Para Zúñiga, o futuro do transhumanismo é desolador. Os avances científicos e tecnolóxicos en materia reprodutiva son utilizados como armas de control e represión nos corpos de mulleres sometidas a unha sociedade xerárquica e patriarcal que as reduce a simples obxectos necesarios para alimentar unha maquinaria de produción de novos seres humanos que favorece unha sociedade máis desigual mesmo que a actual. O transhumanismo, neste caso, xorde xa non soamente como ferramenta para crear embrións, senón para controlar as características dos mesmos a través da selección artificial que favorece un perfil concreto do humano do futuro; é dicir, a través da euxenesia (Ferrando 2019), unha técnica da biotecnoloxía xa existente e que posibilita a identificación e neutralización de factores xenéticos embrionarios. O final apocalíptico da obra, como se sinalará da conclusión deste artigo, favorece a lectura bioconservadurista destas técnicas que para a autora non albisca nada bo para a sociedade do presente xa que a súa lectura da crise medioambiental actual é tan apocalíptica como a novela mesma (Vega 2016).

A pesar deste final apocalíptico e da interpretación bioconservadurista desta eutopía feminista, a conexión entre *Natura* e *The Growing Season*, como se sinalará a continuación, é máis que obvia. Por un lado, as dúas novelas comparten o tropo dos úteros artificiais como obxecto motivador das tramas. Ademais, as dúas obras ofrecen unha lectura crítica do potencial uso de avances científicos e tecnolóxicos en sociedades patriarcais e capitalistas como as que rexen os futuros dos tempos da narración de cada unha. Nunha sociedade que parece moverse cara a normalización de técnicas reprodutivas de dubidosa ética como pode ser a xestación surrogada, un dos puntos en común máis interesantes que se atopan

nos dous textos está relacionado coa actitude pesimista das autoras cara ao concepto de reprodución que, máis alá de rematar co que Firestone consideraba un xeito de tiranía, é considerado nas novelas como formas de control e opresión dun colectivo específico, o das mulleres en idade reprodutiva. Isto xustifica a necesidade das autoras de imaxinar os límites da reprodución artificial a través das súas propostas literarias. Ambas obras critican o mesianismo tecnolóxico que abrazan as grandes empresas do sector para moverse cara a un bioconservadurismo en chave ecocrítico que pon o foco sobre a persoa por riba do uso caprichoso de descubrimentos científicos e a aplicación interesada destes na sociedade do futuro.

4. *The Growing Season*, a reprodución como produto de consumo

Como a novela de Zúñiga, *The Growing Season* parte dun dos principios do transhumanismo: que os seres humanos deben beneficiarse dos avances científicos e tecnolóxicos para mellorar a especie. A novela da autora británica Helen Sedgwick imaxina, como acontece en *Natura*, a posibilidade de utilizar úteros artificiais para traer ao mundo bebés seleccionados xeneticamente. O contexto histórico, porén, é significativamente diferente ao da novela anteriormente analizada.

Helen Sedgwick é unha científica e autora británica cunha traxectoria literaria na que trata xéneros como o distópico ou a novela negra. Cun doutoramento en física pola universidade de Edimburgo e un mestrado en escrita creativa pola universidade de Glasgow, Sedgwick traballou durante anos como investigadora en bioenxeñaría e física experimental, algo que queda de manifesto nas súas dúas primeiras novelas. No eido literario, foi directora da editorial Cargo Publishing e editora da revista escocesa *Gutter* antes de fundar a súa propia empresa de edición. A formación de Sedgwick como científica é fundamental para achegarse á súa escrita, xunto co seu activismo dentro do feminismo cultural escocés. A súa primeira novela, *The Comet Seekers* (2016) está ambientada na Antártida no momento no que un cometa estoupa. Con saltos temporais moito máis arriscados que os que se atopan en *The Growing Season*, Sedgwick explora neste primeiro texto a conexión entre a ciencia e o mundo espiritual. Despois da publicación da súa segunda novela, obxecto de estudo neste traballo, Sedgwick moveuse cara ao xénero da

novela negra, moi en auxe la literatura escocesa actual, cunha triloxía coñecida como *The Borrowhead Mysteries* e que está formada por *When the Dead Come Calling* (2020), *Where the Missing Gather* (2021) e *What Doesn't Break Us* (2022). Na súa novela negra, Sedgwick leva a acción ao rural escocés no que as tensións sociais e culturais conviven con elementos sobrenaturais característicos do terror. Nestes momentos está a traballar nunha serie de ciencia ficción interplanetaria inspirada, como a obra de Zúñiga, no colapso ambiental.

O tempo da narración de *The Growing Season* é aparentemente máis inminente que o de *Natura*. O transhumanismo reprodutivo na obra supón o punto de partida para a trama grazas a unha revolución biotecnolóxica. Eva é unha das personaxes principais femininas da novela, unha persoa que se opón ao negocio que representa a tecnoloxía reprodutiva nesta sociedade do futuro. É ela que pon en dúbida a suposta liberación feminina que anuncia empresa encargada do negocio reprodutivo ao considerar que o prezo que paga a sociedade ao cousificar a reprodución é demasiado alto, sobre todo para as mulleres. Xunto con Piotr comeza a investigar o lado escuro desta práctica para poñer de manifesto que a campaña de comunicación que leva a cabo a empresa para xustificar o seu modelo de negocio baseado na igualdade é falso. A medida que as diferentes protagonistas avanzan no seu coñecemento sobre a outra cara do negocio, quedan de manifesto as fisuras de xénero da teoría sa liberación feminina que supón externalizar a reprodución a través de úteros artificiais. O final aberto da novela, supón un xiro circular xa que o texto comeza como unha utopía para tornar case inmediatamente cara a distopía e rematar novamente cunha mensaxe optimista e esencialista.

Sedgwick sitúa a súa ficción nunha aparente sociedade ideal de acordo cos postulados neoliberais na que estes úteros artificiais se venden como única posibilidade viable para a reprodución. Estes úteros artificiais non son outra cousa máis que produtos de consumo por parte de parellas, na novela dun perfil heteronormativo bastante homoxéneo, que deciden producir o seu bebé desexado elixindo dende o perfil xenético do embrión até unha serie de accesorios que están no mercado para facer da experiencia reprodutiva a máis atractiva e rendible posible. De feito, a propia Firestone criticou duramente ao concepto de familia nuclear

occidental que utiliza Sedgwick na novela. Esta familia tradicional que nutre ás diferentes sociedades históricas arredor da división sexual do traballo é a que crea as desigualdades a causa das dinámicas xerárquicas impostas. Neste mundo de ficción que crea a novela, o transhumanismo posibilita a través da ciencia e da tecnoloxía a creación de novos individuos sans sen os riscos do embarazo e parto natural a través dun importante desembolso de cartos. Sedgwick, quen ten un doutoramento en física, cuestiona, como tamén o fai Zúñiga, os postulados daquelas que consideraban que os úteros artificiais liberarían ás mulleres do patriarcado. Se ben Zúñiga propón a disolución da familia nuclear e tradicional arredor de roles de xénero impostos, Sedgwick leva a súa metáfora ao coñecido para aumentar a crítica cara á estratificación xerárquica que a familia nuclear implica nas sociedades actuais. Non é a única. Nos últimos anos publicáronse novelas en lingua inglesa como *Womb City* (2024) de Tlotlo Tsamaase, *Mother Code* (2020) de Carole Stivers ou *Only Ever Yours* (2014) de Louise O'Neill nas que o tropo do transhumanismo da pé a sociedades distópicas.

A imaxe da cyborg de Haraway na novela aparece representada tanto por mulleres como por homes que durante o proceso de xestación artificial converxen co propio útero artificial que cargan durante o día coma se dunha mochila se tratase. O 'pouch' ou mochila que aparece referido constantemente na obra non é outra cousa que unha incubadora que as parellas compran ao seu gusto e que se complementa coas cores e accesorios que supostamente melloran a experiencia da xestación. Dun xeito intelixente, este 'pouch' é concibido como un obxecto cómodo e brando, coma se fose un peluche, para favorecer a ligazón entre quen o porta e o propio obxecto, que ten necesariamente que ser 'abrazable'. A natureza artificial do proceso de embarazo tamén fai de *The Growing Season* unha obra que deconstrúe o propio sistema actual das prácticas sexuais heteronormativas. No texto, a ciencia e a tecnoloxía permite, cara á segunda parte do século XXI, reproducirse dun xeito totalmente normalizado a través do transhumanismo. Ninguén neste mundo do futuro próximo elixe o embarazo natural xa que os úteros artificiais están totalmente integrados na sociedade grazas a FullLife, a empresa que controla o sistema de reprodución no Reino Unido, lugar onde se sitúa a acción.

A pesar dos moitos puntos en común entre *Natura* e *The Growing Season*, unha das principais diferencias é o equilibrio entre distopía e utopía que atopamos no texto. Por un lado, Sedgwick xoga coa mercantilización extrema da reprodución a través da privatización da sexualidade reprodutiva que, na novela, é un proceso enteiramente artificial. Certo é que tamén na actualidade a reprodución é un negocio moi lucrativo: dende tratamentos in-vitro até métodos anticonceptivos, pasando pola xestación surrogada, a ciencia ofrece diferentes posibilidades para adaptarse ao interese reprodutivo de mulleres que poden ter acceso aos mesmos. Por outro lado, tamén amosa unha sociedade onde aparentemente os úteros artificiais favoreceron a entrada das mulleres a mercados laborais outrora masculinizados, como podería ser o empresarial ou o científico. De feito, a xefa de FullLife é unha muller, un feito que, como se comentará a continuación, non é casual.

The Growing Season utiliza a imaxe dos úteros artificiais a modo de mochila para levar a súa crítica máis alá da natureza transhumana dos mesmos. A exitosa campaña de publicidade de FullLife para que a sociedade soamente considere a opción artificial para a reprodución pasa pola privatización da sanidade a través desta empresa que substitúe no Reino Unido ao NHS (a Seguridade Social británica). Os diferentes capítulos nos que se divide a novela saltan temporalmente entre o pasado no que se descubriu a posibilidade de utilizar úteros artificiais para a reprodución humana e o presente da narración onde algo sae mal. As dúas principais protagonistas son Freida, a científica que creou estes úteros artificiais e que agora vive afastada da sociedade nunha illa remota en Escocia, e Holly Bhattacharyya, a primeira muller que tivo un bebé por medio destes úteros artificiais, converténdose nunha celebridade nacional. Na novela, a neta de Holly está a piques de ter a terceira xeración deste tipo de criaturas a través deste método cando o bebé morre xusto no momento do 'parto'; é dicir, cando se abre o útero artificial. Con esta traxedia como punto de partida, Sedgwick centra a súa narración en cuestionar o propio método ao indicar que non é a primeira vez que un bebé morre no momento do 'parto'. É entón cando dous xornalistas aparecen na trama para investigar que hai detrás de FullLife.

Se ben Freida, a científica detrás dos úteros artificiais, defendía nun principio este método de reprodución xa que parecía estar de acordo con Firestone e Pateman a través de afirmacións optimistas como “now parenthood was equal [...] everyone was equal now we had moved beyond natural birth” (2017: 11 e 13), a trama pronto se move nunha dirección para cuestionar o suposto fin do patriarcado. Dende unha perspectiva de xénero, parece que o modelo de negocio de FullLife nun principio é aparentemente perfecto:

the baby pouch was the safest, the best way – it wasn’t just accepted, it was preferred [...] FullLife had frozen eggs available for anyone who needed them. And they knew there’d be no trouble getting milk, since genetically engineered milk was available to all parents [...] Incredible, how far humanity had come in a few generations [...] parenthood wasn’t about being a blood relations [...] It was about intimacy. (48-49)

Dende unha perspectiva de xénero, FullLife permite que as mulleres teñan carreiras de éxito até o punto de que, como se indicou, é unha muller que lidera a empresa. A pesar disto, a verdade é que a sociedade que imaxina Sedgwick segue a ser sorprendentemente machista a pesar de que os homes leven tamén os úteros artificiais como mochilas durante a xestación dos fetos. Nalgúns casos, mesmo, o propio útero portátil é utilizado como arma de represión contra as mulleres por parte de homes que ameazan con maltratalo. Neste sentido, hai unha diferenza xeracional entre as persoas de avanzada idade que cren no embarazo natural como unha das características distintivas de ser muller e que consideran que “We are women [...] life grows inside us, and we protect it. Now, more than ever, we must protect it” (13) e a actual do tempo da narración que considera o embarazo un obxecto máis de consumo. Os úteros artificiais que portan homes e mulleres en ocasións se convierten nunha nova forma de dominación: “We have invented a whole new form of abuse. We have given men the ultimate power over women” (200) que anula unha das capacidades biolóxicas das mulleres que é a reprodución. Neste mundo do futuro, os homes que portan úteros artificiais chegan a considerar que as mulleres son redundantes, eses homes “who want the world to themselves. Men who hate” (236) e que pensan que “a woman’s only role is to reproduce. What are women worth to them now?” (280).

Cara o final da novela, onde tamén se descobre un mercado negro de úteros artificiais e o grande secreto de FullLife que non é outro máis que o aumento exponencial de casos de bebés que morren no momento do ‘parto’, *The Growing Season* suxire que non se pode crear unha sociedade xusta e feminista sen destruír ao patriarcado primeiro, por moitos descubrimentos tecnolóxicos que haxa xa que o machismo endémico non desaparece con ciencia, senón con feminismo. A mensaxe que o texto transmite é que o transhumanismo é certamente positivo, aínda que o potencial uso que se pode facer dos descubrimentos científicos e tecnolóxicos por parte do capital pon en risco a aparente utopía da sociedade do futuro.

5. Conclusión

Esta achega comparativa a dúas novelas como *Natura* e *The Growing Season*, publicadas cun ano de diferenza en diferentes linguas e por dúas autoras de tradicións literarias distintas amosa un número de puntos en común que suxiren intereses mutuos. Ambas obras parten da imaxe da muller como suxeito político desempoderado sobre o cal se reproducen unha serie de convencións sociais e culturais. De acordo con isto, o corpo feminino, como máquina reprodutiva, parece corresponder coa imaxe da cyborg harawayana, é dicir,

un organismo cibernético, un híbrido de máquina e organismo, unha criatura de realidade social e tamén de ficción. A realidade social son as nosas relacións sociais vividas, a nosa construción política máis importante, un mundo cambiante de ficción. Os movementos internacionais feministas construíron a “experiencia das mulleres” e, así mesmo, destaparon ou descubriron este obxecto colectivo crucial. Tal experiencia é unha ficción e un feito político de grande importancia. A liberación baséase na construción da conciencia, da comprensión imaxinativa da opresión e, tamén, do posible. O *cyborg* é materia de ficción e experiencia viva que cambia o que importa como experiencia das mulleres a finais deste século [o XX]. Trátase dunha loita a morte, pero as fronteiras entre ciencia ficción e realidade social son unha ilusión óptica. (2018: 616)

A teoría feminista e o xénero da ciencia ficción atopan un punto en común nestas dúas novelas onde o transhumanismo é a ferramenta que materializa a imposibilidade dunha aplicación xusta e democrática da ciencia e a tecnoloxía no futuro, inmediato ou afastado, a causa do

capitalismo brutal e do heteropatriarcado opresor que caracterizan as sociedades actuais e que se converte en tropo literario nestas obras. Estamos, polo tanto, ante o que Olivi chama ‘distopías críticas’ que a autora considera que “[resort] to the construction of dystopian societies as a tool to materialize some of the most pressing concerns of contemporary feminisms” (2024: 104) e que teñen como elemento común a hiper-materialización do corpo feminino como simple elemento reprodutivo. Como sinala Olivi, este patrón ficcional é moito máis común na literatura actual do que poderíamos pensar e se reproduce dun xeito similar en diferentes tradicións literarias.

Natura, por un lado, ofrece unha achega crítica á cuestión da axencia política do corpo feminino. A natureza reprodutiva da muller maniféstase a través da súa capacidade para producir óvulos que máis tarde se fertilizan artificialmente e manipulan para crear embrións xeneticamente mellorados. Neste caso, a selección artificial da especie que postula o transhumanismo se abre paso grazas a seres humanos biomellorados que se corresponden co ideal vitruviano do humanismo clásico europeo pero en termos selectivos de acordo coa súa capacidade de supervivencia. A eutopía feminista que crea Zúñiga, xunto co seu final apocalíptico suxiren que a tiranía da familia biolóxica contra a que escribiu Firestone ten a súa reinterpretación de acordo coa tiranía da reprodución artificial que aparece na novela como o principal motivador dunha trama cuxa lectura bioconservadurista suxire que a ciencia e a tecnoloxía non necesariamente levan consigo a liberación da muller. Ao contrario, como tamén suxire Sedgwick na súa novela *The Growing Season*, a externalización da reprodución tamén pode levar implícito un proceso e opresión cara as mulleres a pesar da utilización de úteros artificiais, cuestionando deste xeito un dos piares principais da segunda vaga do feminismo norteamericano que albiscaba o contrario.

Nas obras, o fin da sexualidade reprodutiva tal e como se concibe na actualidade arredor de relacións heteronormativas non implica o fin das sociedades patriarcais que se alimentan destas prácticas. Se ben *Natura* critica o uso patriarcal dos úteros artificiais que de acordo con Firestone e Pateman deberían liberar ás mulleres, *The Growing Season* centra a súa crítica no uso capitalista dos mesmos. As dúas obras, porén, parecen sinalar que o

transhumanismo, a través dos avances científicos e tecnolóxicos sen parangón que caracterizan este comezo do século XXI, pode converterse nunha ferramenta máis de opresión e desigualdade se non se aplica dun xeito xusto e democrático. Segundo Zúñiga e Sedgwick, non é a ciencia e a tecnoloxía o que liberará ás mulleres do futuro, senón o feminismo, algo que queda de manifesto na dimensión distópica das obras que eluden o optimismo do transhumanismo filosófico ao xirar cara ao bioconservadurismo a través da crítica que subxace baixo o argumento e as tramas das dúas obras.

O escenario que presentou Firestone na súa obra capital aínda non é unha realidade na actualidade, mais non se contempla necesariamente como utópico. A ectoxénese como práctica reprodutiva está quizais máis próxima do que pensamos. Así o consideran tanto Zúñiga como Sedgwick. Mais, contrariamente ao que concibía Firestone, a externalización da reprodución non implicará unha práctica de liberación. Para as autoras das novelas que foron suxeito de estudo, a ectoxénese ten o potencial de converterse nunha ferramenta máis de control e sometemento. As propostas de Firestone, Pateman, Haraway, Zúñiga e Sedgwick están interconectadas nas súas críticas ao patriarcado e o xeito no que este utiliza a capacidade reprodutiva das mulleres para sometelas. Se ben dende un punto de vista filosófico e teórico estas autoras contemplan as posibilidades da ectoxénese para liberar ás mulleres do traballo que implica a reprodución dun xeito similar ao que a crítica marxista concibe a tecnoloxía para liberar a traballadoras e traballadores da propia labor alienante do traballo, dende un punto de vista literario esta posibilidade non parece factible a causa dos perigos do transhumanismo capitalista. A apropiación dos avances científicos e tecnolóxicos por parte das elites é para todas elas o principal escollo para a liberación feminina. O feminismo, polo tanto, é fundamental como movemento político e social para tornar as distopías que imaxinan as autoras galega e británica nunha utopía na realidade. O feminismo será quen derroque ao patriarcado, sen dúbida, pero tamén é fundamental para monitorizar o uso potencialmente indebido que se fai de avances científicos e tecnolóxicos por parte desa elite tecno-mesiánica que ven nestes avances outro produto máis de mercado. A xustiza social arredor da reprodución, polo tanto, pasa polo feminismo.

6. Referencias bibliográficas

- Alcalá, Francisco Javier (2026): “Why Do We Need Posthumanism in the 21st Century?”, en M.^a Alonso Alonso e M. Palacios González (eds.), *Posthuman Intersections in Irish and Galician Literatures*. Berlín: De Gruyter (no prelo).
- Bartosch, Roman e J. Hoydis (eds.) (2019): *Teaching the Posthuman*. Heidelberg: Universitätsverlag Winter.
- Birch, Dinah (2009): *The Oxford Companion to English Literature*. Oxford / Nova York: Oxford University Press.
- Braidotti, Rosi (2013): *The Posthuman*. Cambridge / Malden: Polity Press.
- (2019): “Preface: The Posthuman as Exuberant Excess”, en F. Ferrando (ed.), *Philosophical Posthumanism*, pp. xi-xvi.
- (2022): *Feminismo posthumano*, trad. De Sion Serra Iopes. Barcelona: Gedisa Editorial.
- Burdett, Michael e King-Ho Leung (2023): “The Machine in the Ghost: Transhumanism and the Ontology of Information”, *Zyong. Journal of Religion & Science* 58/3, pp. 714-731.
- Claeys, Gregory (2018): *Dystopia: A natural history*. Oxford e Nova York: Oxford University Press.
- Clarke, Bruce e Manuela Rossini (eds.) (2017): *The Cambridge Companion to Literature and the Posthuman*. Cambridge: Cambridge U.P.
- Diéguez, Antonio (2017): *Transhumanismo. La búsqueda tecnológica del mejoramiento humano*. Barcelona: Herder.
- Ferrando, Francesca (2019): *Philosophical Posthumanism*. Londres / Nova York: Bloomsbury.
- Firestone, Shulamith ([1970] 2023): *La dialéctica del sexo*. Madrid: Verso.
- González Arribas, Brais (2021): *Transhumanismo - Tecnociencias e antropotecnias*. Vigo: Euseino.
- Haraway, Donna (2018): “Manifesto para Cyborgs. Ciencia, tecnoloxía e feminismo socialista a finais do século XX (1991)” (trad. J. Cendón Conde), en Ó. Parceros Oubiña, M. González Fernández e J. Cendón Conde (eds.), *L’Homme-Machine. Filósofos, Animais & Máquinas*. Ribeirão: Humus, pp. 615-661.
- Huxley, Julian (1957) *New Bottles for New Wine*. Londres: Chatto & Windus.
- Melzer, Patricia (2006): *Alien Constructions: Science Fiction and Feminist Thought*. Austin: University of Texas Press.
- More, Max (2013): “The Philosophy of Transhumanism”, en M. More e N. Vita-More (eds.), *The Transhumanist Reader*. Malden / Oxford: Wiley-Blackwell, pp. 3-17.
- More, Max e Natasha Vita-More (2013): *The Transhumanist Reader*. Malden e Oxford: Wiley-Blackwell.
- Moszczyńska-Düst, Katarzyna e Ana Garrido González (2022): “Feminismo posthumanista: parias, transfugas, advenedizos y rebeldes en las obras de ciencia ficción de tres autoras gallegas”, *Pasavento. Revista de Estudios Hispánicos* 1, pp. 69-90.
- Noyer, Jean-Max (2016): *Transformation of Collective Intelligences: Perspective of Transhumanism*. Hoboken, NJ: John Willey & Sons.
- Olivi, Marta (2024): “Food and women’s bodies in Anglophone feminist critical dystopias: from text to context following the pattern of the ‘hyper-materialization’”, *Altre Modernità* 31, pp. 103-118.
- Pateman, Carole ([1988] 1995): *El contrato sexual*. Barcelona: Anthropos / México: Universidad Autónoma Metropolitana-Iztapalapa.
- Preciado, Paul B. (2002): *Manifiesto contra-sexual. Prácticas subversivas de identidad sexual*. Madrid: Opera prima.
- Sedgwick, Helen (2016): *The Comet Seekers*. Londres: Harvill Secker.
- (2017): *The Growing Season*. Londres: Harvill Secker.
- (2020): *When the Dead Come Calling*. Londres: Oneworld.
- (2021): *Where the Missing Gather*. Londres: Oneworld.
- (2022): *What Doesn’t Break Us*. Londres: Oneworld.
- Tüfekçi Can, Dilek (2023): “Reinterpreting human in the digital age: From anthropocentrism to posthumanism and transhumanism”, *Journal of Educational Technology & Online Learning* 6/4, pp. 981-989.
- Vega, Rexina (2026): “‘I Think Our Civilisation is Moving Fast Towards Extinction’. In Conversation with Galician Author Iolanda Zúñiga”, en M.^a Alonso Alonso e M. Palacios González (eds.), *Posthuman Intersections in Irish and Galician Literatures*. Berlín: De Gruyter (no prelo).
- Zúñiga, Iolanda (2007): *Vidas post-it*. Vigo: Xerais.
- (2008): *Amor amén*. Vigo: Xerais.
- (2010): *Periferia*. Vigo: Xerais.
- (2018): *Natura*. Vigo: Galaxia.
- (2018): *Noites de Safari*. Vigo: Xerais.